



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

ACTA NÚMERO 3

PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR O POSTO DE TRABALLO DE PEÓN/PEOA CONDUTOR/A DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE A CAMPAÑA DO ANO 2024

Ás 9:45 h do xoves, 18 de xullo de 2024, reúnen-se as seguintes persoas integrantes do tribunal de selección de persoal laboral temporal para a contratación das persoas traballadoras (neste caso 1 peón/peoa condutor/a) que formará parte da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais no exercicio 2024 e que acudiron ás probas prácticas eliminatorias, realizada a partir das 10:00 h. do mércores, 17 de xullo no entorno do local de Protección Civil, en Mabegondo (Abegondo):

Presidente.

Titular: Alberto Manteiga Díaz

Vogal 1.

Titular: José Lema Moledo

Vogal 2:

Titular: Ricardo Sánchez Pérez

Secretario

Titular: José Antonio Varela Doval

Conforme as bases de selección aprobadas por medio do decreto da alcaldía número 354/2024 do 04/07/2024 (expte TEDEC: 2024/E001/000003 – 2024/G003/000389) realizouse en primeiro lugar a proba práctica eliminatoria coa que poder valorar o coñecemento e a destreza necesarias para o manexo da ferramenta, maquinaria ou medios que se utilizarán no posto de traballo a desenvolver, e para a que estaban convocadas aquelas persoas candidatas admitidas no proceso selectivo para a praza de peón/peoa condutor/a convocada.

O resultado da primeira proba práctica eliminatoria realizada é o que se reflicte na táboa que se insire a continuación:

Nº rexistro	Nome	Resultado /puntuación
R.E 202400000002181	Calvo López, Oscar	0,60
R.E 202400000002207	Carabel Pena, Pablo	1,40
R.E 202400000002211	García Paredes, Mario	1,80
R.E 202499900001162	Pidal Fernández, Ricardo Manuel	0,60

De acordo co previsto nas bases de selección e dado que esta proba ten carácter eliminatorio, o tribunal considera que soamente a superaron aquelas persoas candidatas que obtiveron unha puntuación igual ou superior a 1,00 puntos, a metade da puntuación máxima de 2,00 puntos.

Posteriormente, conforme as bases de selección realizouse a **segunda proba práctica eliminatoria** coa que poder valorar o manexo do vehículo ou medio de transporte a utilizar no desenvolvemento dos traballos e para a que en principio estaban convocadas aquelas persoas candidatas admitidas no proceso selectivo para a praza de peón/peoa condutor/a convocada.



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

O resultado da proba práctica 2 realizada é o que se reflicte na táboa que se insire a continuación:

Nº rexistro	Nome	Resultado /puntuación
R.E 20240000002181	Calvo López, Oscar	1,00
R.E 20240000002207	Carabel Pena, Pablo	2,00
R.E 20240000002211	García Paredes, Mario	2,50
R.E 20249990001162	Pidal Fernández, Ricardo Manuel	---

De acordo co previsto nas bases de selección e dado que esta proba ten carácter eliminatorio, o tribunal considera que soamente a superaron aquelas persoas candidatas que obtiveron unha puntuación igual ou superior a 1,50 puntos, a metade da puntuación máxima de 3,00 puntos.

A continuación o tribunal, en consonancia coas bases aprobadas, valora os **méritos presentados** polas persoas aspirantes que superaron as dúas probas prácticas eliminatorias, co seguinte resultado:

Nº rexistro	Nome	Experiencia	Formación	Total Méritos
R.E 20240000002207	Carabel Pena, Pablo	---	0,25	0,25
R.E 20240000002211	García Paredes, Mario	---	0,20	0,20

O resultado final para cubrir a praza laboral temporal de peón/peoa condutor/a (1) da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais no exercicio 2024, do Concello de Abegondo é o seguinte:

Nº rexistro	Nome	Probas prácticas	Méritos	Total
R.E 20240000002207	Carabel Pena, Pablo	3,40	0,25	3,65
R.E 20240000002211	García Paredes, Mario	4,30	0,20	4,50

Este tribunal, á vista dos resultados obtidos propón o nomeamento para a praza de peón condutor da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Abegondo para a campaña do ano 2024 a: **Marío García Paredes**. A outra persoa candidata que superou as probas prácticas e cuxos méritos foron baremados, Pablo Carabel Pena, queda como suplente, tendo en conta a orde de puntuación.

O tribunal dispón que se publique o resultado final da baremación dos méritos presentados polas persoas aspirantes admitidas para a praza convocada e o resultado das probas prácticas, así como a puntuación total, tanto no taboleiro de anuncios como na sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>).

As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ata as 14:30 h do venres, 19 de xullo de 2024. Estas serán resoltas polo tribunal. No suposto de non se produzan reclamacións contra esta proposta, esta elevaríase a definitiva, dando por rematadas as probas de selección.

Tal e como dispón o apartado 12. das bases de selección do persoal laboral temporal para cubrir os postos de traballo da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais durante a campaña do ano 2024 **“As persoas candidatas propostas para cada unha das prazas convocadas deberán superar os**



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

recoñecementos médicos e as probas de esforzo obrigatorias. O resultado dos mesmos deberá reflectir a condición de apta de cada unha das persoas candidatas propostas, como **condición indispensable para a súa contratación.** “

Ao mesmo tempo e de acordo coas devanditas bases, “*para o caso de baixa ou renuncia da persoa nomeada, o Concello poderá substituíla/s polos/as seguinte/s candidatos/as da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección (...)*”.

E sendo as 10:15 h. dáse por finalizada a sesión e, en proba de todo, estendo a presente acta e como secretario dou fe.

Abegondo, 18 de xullo de 2024.